

CAMPAMENTO XUVENIL “PONTEMARIL” (FORCAREI)

DATOS XERAIS: Campamento de media montaña con capacidade 180 prazas cunha ocupación máxima de 70 prazas por quenda en tenda de campaña e albergue.

Concello da histórica Terra de Montes bañado polos ríos Lérez e Umia onde os visitantes poderán contemplar lugares de interese sociocultural como a Serra do Candán, a rota das Pontes, o Mosteiro de Acibeiro, Mámoas, etc.

Está situado a 2 km de Forcarei e 44 km de Pontevedra.

ACCESOS: pola estrada N-542 de Pontevedra a Ourense ou ferrocarril a Pontevedra

ENDEREZO: Campamento Xuvenil Pontemaryl – Forcarei (Pontevedra) – Teléfono. 886 159 255

QUENDA	ANOS NACEMENTO	DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES
15-24 xullo	06-07-08	AVENTURA NA NATUREZA
29 xullo-07 agosto	06-07-08	Ofrecémosche neste campamento actividades encamiñadas ao coñecemento do medio natural: sendeirismo, rutas ecolóxicas e bicicletas de montaña. Desenvolveranse outras actividades complementarias como natación e actividades socioculturais. Tamén se afondará na importancia do coidado da natureza, así como potenciar a implicación na súa protección. En resumo, o obxectivo fundamental é vivir experiencias distintas ás habituais participando dun estilo de vida natural
21-28 xullo	09-10-11	PEQUECHO AVENTURA
31 xullo-07 agosto	09-10-11	Neste campamento disfrutaredes de actividades en contacto directo coa natureza, dando a coñecer a importancia do coidado do entorno: orientación GPS, aula de natureza, sendeirismo, bicicleta, talleres de reciclaxe.
10 ao 17 agosto	09-10-11	Así mesmo, realizaranse outras actividades complementarias como kaiak polo, tiro con arco, rocódromo, piscina, etc. coa finalidade de fomentar a convivencia, a autoestima, a integración entre todos os participantes.
12-21 agosto	06-07-08	AVENTURA NA NATUREZA
26 agosto-04 setembro	06-07-08	Ofrecémosche neste campamento actividades encamiñadas ao coñecemento do medio natural: sendeirismo, rutas ecolóxicas e bicicletas de montaña. Desenvolveranse outras actividades complementarias como natación e actividades socioculturais. Tamén se afondará na importancia do coidado da natureza, así como potenciar a implicación na súa protección. En resumo, o obxectivo fundamental é vivir experiencias distintas ás habituais participando dun estilo de vida natural

NORMAS XERAIS:

1. Os/As participantes, así como o equipo técnico, seguirán en todo momento as pautas de prevención e hixiénico-sanitarias determinadas no “Protocolo de actuación para a realización da Campaña de Verán da Xunta de Galicia no marco da crise sanitaria provocada pola Covid-19” dispoñible neste enlace http://xuventude.xunta.es/images/INFORMACI%C3%93N_PROTOCOLO_COVID-19.pdf

2. Os/As participantes estarán atendidos permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades de tempo libre.

3. Ningún/ha participante poderá abandonar o centro sen autorización expresa do director da actividade, e sempre acompañado por un adulto autorizado (persoa que asinou os papeis de inscrición); no caso de non poder estar presente este, a persoa que efectúe a recollida deberá achegar a fotocopia do DNI de quen autoriza (persoa que asinou os papeis de inscrición) e do autorizado, así como o impreso de autorización que lles será facilitado polos monitores o día da recepción.

4. Prégase non facer visitas de non ser necesario, coa fin de non interferir no desenvolvemento das actividades e limitar ao mínimo imprescindible a entrada de persoas alleas á instalación.

5. Para poder falar cos participantes, o horario será o establecido polo equipo directivo, do que se dará información na reunión de recepción. Nese horario, os/as rapaces/zas disporán dos seus móbiles se os traen ou ben poderase chamar ao teléfono que sexa indicado na reunión de recepción.

6. O centro conta con atención sanitaria. As persoas participantes deberán levar as tarxetas sanitarias orixinais (ou seguro médico, MUFACE ou similar, e o talonario de receitas).

O día da incorporación deberase comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos, en caso de tratamento específico, que estean a tomar; así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese. Así mesmo, o día de chegada á instalación, dentro das medidas de prevención para facer fronte á Covid-19, tamén se tomará a temperatura á persoa participante a través de dispositivos de lectura biométrica que non impliquen contacto físico.

7. Recoméndase que non leven obxectos de valor, nin grandes sumas de diñeiro.

Prevese a organización dun banco de cartos e móbiles onde os participantes poderán depositar os seus cartos e tamén os teléfonos, (recoméndase poñer un adhesivo co seu nome tanto no teléfono coma no cargador e, no caso de ser necesario, unha lista cos números de teléfono e o PIN, se non se sabe de memoria). Os teléfonos entregaranse apagados.

8. Recoméndase levar a roupa marcada coas iniciais.

9. Nesta web, no apartado “Documentación para presentar no caso de obter praza nun campamento (fase de adjudicación)” están dispoñibles os modelos de documentos (cuestionario de saúde e autonomía persoal (anexo VI), declaración de saber nadar, autorización de imaxes, modelo de aceptación de condicións de participación e de información de sobre a Covid-19, modelo de autorización para recollida do menor e outra información de interese.

INCORPORACIÓN E RECOLLIDA DAS PERSOAS PARTICIPANTES

- A incorporación realizarase o día do inicio da quenda correspondente, entre as 09.00 e as 13.00 horas no Albergue xuvenil de Pontemariil (Forcarei). Para favorecer unha chegada graduada dos nenos/as participantes será preciso avisar con anterioridade á instalación no número de **teléfono 692 906 840 nos catro días anteriores** ao inicio da quenda. Así mesmo, a persoa participante só poderá vir acompañada por un pai/nai/titor legal, tal e como se establece no protocolo.

- O día de remate da quenda, a recollida dos/as participantes deberá facerse entre as 16:00 e as 20.00 na mesma instalación. Seguirase o mesmo procedemento que na chegada, debendo concertar a saída chamando ao número anteriormente indicado nos catro días anteriores ao remate da quenda.

MATERIAL NECESARIO

Dadas as características das actividades a realizar, e tendo en conta as medidas de prevención que son necesarias adoptar para facer fronte á Covid-19, é necesario que os nenos/as participantes traian o seguinte material ao citado campamento:

- Toallas de aseo e de praia
- Bolsa para a roupa sucia. Non se poderá lavar ningún tipo de prenda na instalación.
- Útiles de aseo
- Saco de durmir
- Crema protectora solar
- Traxes de baño
- Sombreiro ou gorra
- Camisetas
- Pantalóns curtos ou bermudas
- Mochila pequena de asa ancha para saídas
- Roupas interiores suficientes para todos os días da quenda

MATERIAL RECOMENDABLE

A maiores, é aconsellable levar:

- Cantimplora
- Sandalias pechadas con velcro
- Repelente para os mosquitos
- Chaleco reflectante
- Vestimenta deportiva e de abrigo: chándal, pantalóns, sudadeiras ou forro polar, ...
- Calzado deportivo que sirva en caso de choiva
- Chuvasqueiro
- Lanterna
- Bolígrafo e caderno
- Casco de bicicleta

O horario básico da quenda será o seguinte:

08.30 h. Erguerse, aseo persoal, vestimenta axeitada e amaño de dormitorios
09.00 h. Almorzo
09.30 h. Activa-T (desprazamento, de ser o caso).
10.00 h. Actividades de mañá (con interrupción para un refrixerio)
13.50 h. Remate das actividades de mañá, recollida e aseo
14.10 h. Xantar
15.00 h. Aseo
15.10 h. Tempo libre xestionado e preparación actividades da tarde (desprazamento, de ser o caso)
16.00 h. Actividades de tarde (con interrupción para merendar)
19.50 h. Remate das actividades de tarde e recollida
20.10 h. Ducha, tempo libre xestionado
21.00 h. Cea
21.30 h. Tempo libre xestionado
22.10 h. Velada
23.10 h. Escoita activa
23.30 h. Deitarse.